



# COCINANDO CON LAS MATES

DOCUMENTO  
TÉCNICO

E

INSTRUCCIONES DE  
USO DOS  
MATERIAIS

**COCINANDO CON LAS MATES** é un proxecto baixo licenza  creado por **Jesús A. García Rañales** durante unha licenza de formación para a creación de materiais curriculares dixitais da *Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* da *Xunta de Galicia*

O proxecto **COCINANDO CON LAS MATES** preséntase baixo o formato dun curso de Moodle, facilmente incorporable á aula virtual do centro e consta de tres grandes Unidades Didácticas Integradas (UDI), baixo os títulos de: *VAMOS A LA COMPRA*, *YA TENGO LA RECETA* e *¡A COCINAR!* e un módulo co *PROXECTO FINAL*.

En cada unha das unidades atoparemos diferentes Obxectos Dixitais Educativos (ODE). La maioría destes ODE están incorporados dentro de paquetes *eXeLearning* xunto con outras actividades presentadas directamente en *Moodle*.

Non se trata de actividades pechadas nin secuenciadas en función do currículo, de xeito que será o profesor quen en cada momento decida cal das actividades debe realizar o alumnado en función das necesidades e inquietudes que vaian xurdindo no día a día da aula e da adaptación deste proxecto a cada grupo.

Os paquetes de *eXeLearning* conteñen pequenas explicacións e actividades, mentres que os elementos presentados directamente en *Moodle* límitanse a aquelas actividades nas cales o alumnado debe facerlle chegar ao profesor ou profesora un ou varios arquivos, que poderán ser enviados directamente a través desta plataforma o por calquera outra vía que o profesor considere.

## I. INCORPORACIÓN DO CURSO Á AULA VIRTUAL DO CENTRO

- a. No repositorio de materiais didácticos onde se atopa o proxecto, este figura comprimido nun arquivo .zip. Debemos **descargar o arquivo ao noso ordenador**.
- b. Incorporarémolo á **aula virtual do noso centro**, para o cal precisamos simplemente **crear un curso en branco** dentro da



mesma. É posible que como profesor non podamos facelo directamente, así que llo pediremos ao responsable da aula virtual do centro.

Unha vez entremos no curso teremos algo así:



c. No bloque de **Administración**, atoparemos unha opción que di,


**Restaurar:**



Se prememos sobre ela atoparémonos cunha pantalla similar a esta:




Premendo sobre **Cargar Ficheiros**, permitiranos seleccionar o arquivo co curso que tiñamos descargado. Primeiro prememos en **seleccionar**, que nos permitirá buscalo no noso ordenador, e logo en **cargar**.



Cargalo pode levarnos uns minutíños, en función da nosa conexión a Internet.

d. Unha vez cargado, o seleccionamos e dámoslle a **Restaurar**.



Durante o proceso poderemos cambiar o nome do curso, data de inicio, etc.

Dámoslle a **Continuar**, ao final da pantalla de opcións..., prememos o botón de **Restaurar curso agora**, **Continuar**, de novo e o curso estará xa dispoñible.





Poderemos movernos por el sen ningún tipo de problema.


## II. ELECCIÓN, OCULTADO OU INCORPORACIÓN DE ACTIVIDADES.

O profesor ou profesora, deberá agora moverse polos diferentes módulos para comprobar qué actividades considera do seu interese e cáles non. Un dos motivos de que estes materiais estean neste formato de curso Moodle, é que, simplemente premendo el botón de Activar Edición, pódense ocultar módulos e/ou actividades, modificar enunciados ou engadir todos os elementos que se consideren oportunos. Como se comenta na guía didáctica, moitas das actividades preséntanse en varios niveles de dificultade, polo que é interesante que o docente preste especial atención ás mesmas para ocultar aquelas que non sexan necesarias e modificar os enunciados en función das súas necesidades.


## III. IMPLEMENTAR PAQUETES

Ao acceder por primeira vez aos paquetes de *eXeLearning*, debemos implementalos no noso curso. Ao premer neles,






Darémolle ao botón de **Implementar**:



E logo a **Ver paquete de contido IMS**



A partir deste momento xa o teremos á nosa disposición sempre que entremos nesa actividade.

#### IV. NAVEGAR PLAS ACTIVIDADES eXeLearning

Todas as actividades eXeLearning teñen unha árbore de contidos, que nos permitirá ir ao apartado que desexemos directamente, ou tamén premendo nos botóns **Seguinte** ou **Previo** poderémonos ir movendo a través das diferentes páxinas de xeito ordenado.



[Previo](#)
[Subir](#)
[Seguiente](#)

### Pequeños trucos de cálculo mental

Precios y los distintos tamaños de envases  
 Pequeños trucos de cálculo mental  
 Repasamos los cambios de unidades de masa y capacidad  
 ¿Capacidad o volumen?  
 Reducir los precios a la misma cantidad  
 Dos botes de aceitunas  
 Dos botellas de refresco  
 Un caso algo más complicado  
 Práctica 1. Calculamos en el supermercado  
 Práctica 2. Dos paquetes de macarrones de distinto tamaño.  
 Práctica 3. El quilo y otros envases.  
 ¿Por quilo o por unidad?  
 Autoría y licencia

Cuando vamos al supermercado a por un producto, al llegar a la estantería, nos solemos encontrar con muchos envases diferentes. Tenemos marcas diferentes, tamaños diferentes,...y por lo tanto precios diferentes. ¿Cómo hacer entonces para comparar? ¿Cuál nos saldrá más económico?



Botes de aceitunas, imagen de Jesús García Rañales, bajo licencia CC BY-SA

Intentemos averiguar siempre el **precio de cada producto para una cantidad común**. Por ejemplo, ¿cuánto costarían 100 gr. de ese producto? o ¿cuánto costaría 1 litro de ese producto?

Para ello vamos a repasar algunas operaciones mentales que nos pueden servir de ayuda.


**Cuentas rápidas en el pasillo del supermercado**


Este curso foi creado sobre **Moodle 1.9.7** e **eXeLearning 2.0.4**. Todos os módulos e actividades foron testadas dende os navegadores **Mozilla Firefox 43.0**, **Google Chrome 47.0.2526.80** e **Microsoft Edge 20.10240.16384.0**.

Para calquera dúbida que lle poida xurdir sobre o proxecto pode contactar co autor a través do correo electrónico [jesusagr@edu.xunta.es](mailto:jesusagr@edu.xunta.es) ou da conta en Twitter do proxecto [Cocinando con las mates](#).

Instrucións de uso dos materiais do proxecto ***Cocinando con las mates***, creado por **Jesús A. García Rañales** baixo licenza **CC BY-SA**, durante unha licenza de formación para a creación de materiais curriculares dixitais da **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** da **Xunta de Galicia**

